

Título	O Cabaleiro do Branco Corcel
Persoas	2 facilitadores/as 1 Susana
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Sensibilizar en prevención de violencia de xénero • Identificar situacións enganosas • Reflexionar sobre amor vs. posesión vs. dependencia
Enfoque	<p>Esta é unha dinámica breve que se pode usar como colofón a unha sesión ou a modo de apertura para debater ou traballar polo miúdo.</p> <p>As/os monitores representan o texto que figura embaixo. Inicialmente parece unha broma elogo se ve que non o é.</p> <p>Posteriormente reflexiónase en grupo. Comezando por dar valor á observación e mailintuición (“cando nos decatamos de que...?”).</p>
Materiais	<p>Texto</p> <p>accesorios de vestiario para caracterizar a Susana e ao Cabaleiro</p>
Descrición	
Tempos	Paso a paso
5’	Introdución
5’-10’	<p>Escenificación</p> <ul style="list-style-type: none"> • Narrador/a • Susana • Cabaleiro do Branco Corcel
20’	<p>Reflexionar</p> <ul style="list-style-type: none"> - que aconteceu - que nos fixo pensar - cando nos demos de conta de que... - que aprendizaxe sacamos disto?
Fonte	<p>http://www.eycb.coe.int/gendermatters/pdf/Gender_matters_EN.pdf</p> <p>https://www.mimp.gob.pe/files/programas_nacionales/pncvfs/Proyecto_Apoyo_Asociacion_Juristas/Las_Cuestiones_de_Genero_son_importantes.pdf</p>
Apéndice	<p><u>O CABALEIRO DO BRANCO CORCEL</u></p> <p>Cabaleiro: Oh, Susana! Vostede é tan fermosa! Os seus xestos son tan distinguidos! É todo un carácter e iso é o que máis me gusta da súa persoa.</p> <p>Narrador: E Susana, chea de alegría, comeza a sentir atracción polo cabaleiro.</p>

Cabaleiro: Nunca me sentín tan preto de ninguén. Vostede é a única en quen confío, a única a quen lle podo contar os meus problemas e vostede é a única que os entende. É marabilloso gozar da súa compañía. Ámoa tanto!

Narrador: Susana sente que é moi importante para o cabaleiro. Séntese segura.

Cabaleiro: Creo que atopei a miña media laranxa. Estamos feitos un para o outro. Non necesitamos a ninguén máis, non é verdade?

Narrador: E Susana realmente sente que están sós no mundo e que cada minuto que pasan separados pon en perigo o seu amor.

Cabaleiro: Vostede é tan fermosa, tan espléndida. Pero non cre que esa saia é un pouco atrevida? Entenda que só o digo polo seu ben. Creo que debería cubrirse un pouco. Iso faríame sentir moito mellor.

Narrador: E como Susana ama o cabaleiro e non quere discutir sobre esta cuestión sen importancia, cambia o seu xeito de vestir para agradar ao seu amado.

Cabaleiro: Son tan felices os momentos que xuntos pasamos. Os dous somos un. Pertencémonos o un ao outro, non é así? Vostede é miña, e só miña, miña, miña...

Narrador: E como Susana desexa sentirse querida, déixase sentir propiedade do seu amante.

Cabaleiro: Vostede pasa demasiado tempo coas súas amigas. Co ben que o pasamos nós os dous sós! Acaso eu non son abondo para vostede? As súas amigas... non debería confiar nelas; son unha mala influencia. Non me gusta oíla falar delas e das cousas que fan xuntas. Tampouco me gusta o xeito de falar que ten comigo cando vén de estar con elas.

Narrador: E como Susana quere agradar ao seu amante, comeza a ver cada vez menos as súas amigas. Pouco a pouco vainas deixando completamente de lado.

Cabaleiro: Eu amo a seus pais como se meus fosen, pero por que temos que iles visitar todos os domingos? Gustaríame pasar máis tempo xuntos, só nó-los dous. Oxalá que non houbese que pasar tanto tempo con eles. Nin os domingos podo descansar! Ademais, sei que non lles caio ben, non fan máis que criticarme. Están desexando que poñamos fin á nosa relación.

Narrador: Susana está preocupada pola súa relación. Non quere botala a perder, de xeito que pasa cada vez menos tempo coa súa familia. Finalmente hai paz ...ou quizais non?